



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

DECLARACIÓN RESPONSABLE CACHELAS SAN XOÁN E/OU SAN PEDRO

D./D^a _____ con DNI número _____, e enderezo en _____, parroquia _____ do concello de Laxe, teléfono de contacto _____, actuando:

- ☐ En nome propio
- ☐ En representación de _____, con DNI _____.

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

-Que con motivo das tradicionais cachelas que de forma típica se celebran en toda Galicia na tarde/noite de San Xoán e San Pedro, estou interesado/a en facer unha fogueira en:

(indicar polígono e parcela ou lugar e número de vivenda e parroquia)
PARROQUIA: _____

o/s día/s

- ☐ na tarde/noite do **23 ao 24 de xuño de 2025** a partir das ____ horas
- ☐ na tarde/noite do **28 ao 29 de xuño de 2025** a partir das ____ horas

- Que me comprometo ó cumprimento e adopción de todas e medidas de seguridade para a **prevención de incendios forestais** (Decreto 105/2006, do 22 de xuño de 2006), coa responsabilidade que puidera derivarse no incumprimento das mesmas.

- Que me comprometo o cumprimento de Lei 3/2007, do 9 de abril, de **prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia**.

-Que me comprometo ao cumprimento das particularidades:

1. Os responsables encargaranse de que o lugar sexa axeitado para facer a fogueira e en terreos privados.
2. As cachelas deberán efectuarse en zonas afastadas das masas forestais.
3. Os interesados tomarán as medidas de seguridade para evitar a propagación do lume.
4. De producirse danos a terceiros, responderán dos mesmos os interesados-promotores das cacharelas.
5. Deixarán completamente limpos de residuos ou materiais as zonas ou lugares onde se fagan as fogueiras.
6. En zona urbana, o volume do combustible do lume non sobrepasará os 3 metros de diámetro, nin 1 metro de altura.

Na zona rural, o volume do combustible do lume non sobrepasará os 5 metros de diámetro, nin os 3 metros de altura. A separación entre as cachelas, edificios, árbores vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, agás no casco urbano.

Poñerase especial atención e coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.

7. Queda prohibida a queima de rodas, plásticos, escumas de poliuretano, aceites e, de xeito xeral, calquera sustancia que ao arder desprenda fume tóxico. En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (aerosóis) aínda que estean baleiros e non se aproveitará a cachela para queimar restos domésticos (colchóns, mobles, táboas, roupa ...), agrícolas ou forestais.

8. Ao remate e antes de abandonar lo lugar de realización da cachela, as persoas responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas, así como limpar o espazo, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo.

9. Co fin de evitar accidentes e outros riscos será necesario que haxa sempre xente ao lado do lume e suficiente auga para apagar o lume, en caso de ser preciso. E en caso de que se levante vento que poida dificultar a vixilancia e extinción da fogueira



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

deberá suspenderse de xeito inmediato.

10. A hora límite para rematar a celebración é as 04:00 h da madrugada, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para a celebración de festas e romerías populares.

11. Acatar as normas ou instrucións que poidan ditar os axentes dos Corpos de seguridade ou Servizo Provincial de Incendios e no seu caso, contactar con algún dos teléfonos de emerxencia:

Policía Local 646 95 08 30, Protección Civil 646 95 08 34, Bombeiros 080, Emerxencias 112, Garda Civil 062

Laxe, ____ de xuño de 2025

Asdo.

De acordo co establecido no art. 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, advírteselle que a inexactitude, falsidade e omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a esta comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LAXE